



# CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |  
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

## **BORRADOR DA ACTA DA SESION CONSTITUTIVA DA CORPORACION MUNICIPAL TRAS LAS ELECCIONES DO 27 DE MAIO DE 2007**

### **Sr. Secretario:**

D. Rafael del Barrio Berbel

### **Sra. Interventora:**

D<sup>a</sup> Mónica Legaspi Díaz

No Salón de Sesións da Casa de Cultura do Concello de Chantada (Lugo), sendo as doce horas e trinta minutos do día dezaseis de xuño de dous mil sete, reuníronse logo de convocatoria en legal forma practicada aos Señores Concelleiros electos nas eleccións locais do 27 de maio de 2007, e que constitúen a maioría absoluta dos que compoñen o Pleno da Corporación, e asistidos por min, o Secretario, co obxecto de celebrar a sesión constitutiva da Corporación en primeira convocatoria.

Aberto o acto polo Sr. Secretario, a seguir pasouse á

### **ORDE DO DIA**

#### **PRIMEIRO. - Toma de posesión dos Sres. Concelleiros e constitución da nova Corporación.**

Polo Sr. Secretario dáse conta do procedemento de constitución da Corporación e elección do Sr. Alcalde, que se regula na Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral e na normativa de Réxime Local, constituída pola Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e o Regulamento de Organización e Funcionamento das Corporacións Locais, aprobado por RD 2568/86, do 28 de novembro.

Previamente, o Sr. Secretario sinala que se ten que Constituir unha Mesa de idade que estará composta polos concelleiros de maior e menor idade, e polo Secretario da Corporación. Así o establece o artigo 195 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral que se le a continuación:

As Corporacións Municipais constitúense en sesión pública o vixésimo día posterior á celebración das eleccións. Previamente terá que constituirse unha Mesa de Idade, que estará integrada polos concelleiros elixidos de maior e menor idade, presentes no acto, actuando como Secretario o da Corporación.

Corresponde a designación a D<sup>a</sup> Olga Otero Gómez e D. Xesus Mazaira Varela., que pasan a ocupar o seu lugar correspondente.

A continuación, segundo establece o artigo 195.3 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, a Mesa comproba as credenciais presentadas, ou acreditacións da personalidade dos electos, en base ás certificacións que ò Concello tivese remitido a Xunta Electoral de Zona.

O Sr. Secretario dá lectura dos nomes dos concelleiros electos:

D. Manuel L. Varela Rodríguez



# CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |  
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

D.<sup>a</sup>Susana López Abella  
D. Manuel Dieguez Carballo  
D. Jose Castor Novoa Fernandez  
D. Jose Luis Janeiro Rodríguez  
D<sup>a</sup> Candida Carnero Blanco  
D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez  
D<sup>a</sup> Araceli Río Bimbiela  
D. Roberto Iglesias Delgado  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Amadora Gómez Alvarez  
D. Ildelfonso Piñeiro Díaz  
D. Xesus Mazaira Varela  
D. Olga Otero Gómez

A continuación dáse lectura dos artigos 6, 7, 177 e 178 de da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, que establecen as posibles causas de incompatibilidade coa condición de concelleiro.

O Sr. Secretario pregunta que se algún dos concelleiros electos considera que lle pode afectar algunha destas causas de incompatibilidade sobrevida, deberá manifestalo neste intre.

Por último a Mesa sinala que se presentaron por todos os concelleiros as declaracións de bens, actividades e intereses, e que para adquirir a plena condición de concelleiro, os candidatos electos deberán prestar xuramento de acordo coa fórmula establecida no artigo 1 do RD 707/79, do 5 de abril.

A continuación a Mesa declara constituída a Corporación.

## **SEGUNDO. - Elección do Sr. Alcalde do Concello de Chantada.**

O Sr. Secretario sinala que o procedemento de elección do Alcalde se regula no artigo 196 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, que establece que na mesma sesión de constitución da Corporación se procede á elección do Alcalde de acordo co seguinte procedemento:

- a) Poden ser candidatos todos os concelleiros que encabecen as súas correspondentes listas.
- b) Se algún deles obtén a maioría absoluta dos votos dos concelleiros é proclamado electo.
- c) Se ningún deles obtén a devandita maioría é proclamado Alcalde o concelleiro que encabece a lista que obtivera maior número de votos populares no Municipio.

En cumprimento da citada normativa sinálase que poden ser candidatos á Alcaldía os seguintes concelleiros cabezas de lista:

D. Manuel L. Varela Rodríguez, do Partido Popular, con 3.000 votos.  
D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, do Partido Socialista de Galicia, con 1.864 votos.  
D. Idelfonso Piñeiro Díaz, do Bloque Nacionalista Galego, con 1.463 votos.

O Sr. Secretario sinala que a fórmula da votación pode ser ordinaria ou secreta, segundo decida o Pleno por maioría, xa que nin na Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral nin na normativa de Réxime Local se establece nada ó respecto. Sometido a votación o Pleno acorda por unanimidade realizar votación ordinaria.



# CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |  
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

Denantes de se proceder á votación a Mesa pregunta se os candidatos cabeza de lista queren tomar a palabra brevemente, facendo uso desta o Sr. Piñeiro Díaz e o Sr. Varela Rodríguez.

Unha vez realizada a votación, con sete votos a favor do PSDG-PSOE, e seis votos a favor do PP, obtén a maioría absoluta dos votos o candidato D, Manuel Anxo Taboada Rodríguez, que encabeza a lista do PSDG-PSOE.

De conformidade co artigo 196 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, a Mesa decláralo Alcalde electo do Concello de Chantada. A seguir, para adquirir a plena condición do cargo de Alcalde, o candidato presta xuramento do cargo de alcalde de acordo coa fórmula establecida no artigo 1 do RD 707/79, do 5 de abril.

Seguidamente, fáiselle entrega ao alcalde electo do bastón de mando por parte do Alcalde saínte, D.Manuel L. Varela Rodríguez, pasando o novo alcalde nomeado a ocupar o cargo presidencial, facendo uso da palabra.

**TERCEIRO. - Dar conta do arqueo, xustificantes das existencias en metálico ou valores propios da Corporación depositados na caixa municipal ou entidades bancarias, e da documentación relativa ao inventario do patrimonio da Corporación.**

Pola Sra. Interventora dáse conta da citada documentación preparada ao efecto polos servizos municipais de Intervención e Tesourería.

A continuación o Sr. Alcalde electo levanta a sesión.

E sendo as trece horas, e entendendo cumprimentado o obxecto da convocatoria, levantouse a sesión, de todo o cal, como Secretario, dou fe e certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO

Manuel Anxo Taboada Rodríguez

Rafael del Barrio Berbel